



ADIÓS RÍOS, ADIÓS FONTES

(Amancio Prada)

**Adiós, ríos , adiós, fontes,
Adiós, regatos pequenos;
Adiós, vista dos meus ollos,
Non sei cando nos veremos.**

Miña terra, miña terra
Terra onde me eu criei,
Hortiña que quero tanto,
Figueiriños que prantei.

Prados, ríos , arboredas,
Piares que move o vento,
Paxariños piadores,
Casiña do meu contento.



(Rosalía de Castro 1837-1885)

Muiño dos castañares,
Noites claras de luar,
Campaiñas timbradoras
Da igrexiña do lugar.

Amoriñas das silveiras
Que eu lle daba o meu amor,
Camiñoños entre o millo,
Adiós, para sempre adiós!

Adiós, gloria! Adiós contento!
Deixo a casa onde nací,
Deixo a aldea que conoso,
Por un mundo que non vín!

Deixo amigos por extraños.
Deixo a veiga polo mar;
Deixo, en fin, canto ben quero..
Quen pudiera non deixar!

Adiós, adiós, que me vou
Herbiñas do camposanto
Donde meu pai se enterrou,
Herbiña que biquei tanto
Terriña que vos criou.

Xa se oe lonxe, moi lonxe
As campanas do pomar;
Para min, ¡ai! Coitadiño,
Nunca máis han de tocar.

Xa se oen lonxe, máis lonxe
Cada badalada é un dolor
Voume solo, sin arrimo
Miña terra, adiós! Adiós!

Adiós tamén, queridíña!
adiós por sempre , quizais!..
Dígoche este adiós chorando
Dende a beiriña do mar.

Non me olvides queridíña
Se morro de soidás
Tantas légoas mar a dentro,
Miña casiña, meu lar!

